



A Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.(DOG, 19/6/08)

e a propia circular do 29 de maio de 2009 modifican os criterios económicos existentes ata agora para os beneficiarios da totalidade do importe establecido (3,00 €) ou cunha axuda do 50% (1,50 €) no servizo de comedor escolar do CEIP de Arzúa.

Informamos pois dos requirimentos e documentos para acceder a gratuidade ou beca por parte dos comensais:

Número de membros da unidade familiar.	Renda neta anual	Documentación requirida	Gratuidade do servizo (a pagar)
Usuarios do servizo de transporte escolar			100% (0,00€)
3 membros	Menos de 22.144,01	Copia da declaración da renda do exercicio anterior ou Certificado acreditativo de que non ten obriga aos efectos do IRPF de presentala expedido pola delegación da AEAT	100% (0,00 €)
3 membros	22.144,01-31.634,30		50% - (1,50 €)
4 membros	Menos de 25.307,44		100% (0,00 €)
4 membros	25.307,44-34.797,73		50% - (1,50 €)
5 membros	Menos de 28.470,87		100% (0,00 €)
5 membros	28.470,87-37.961,43		50% - (1,50 €)
6 membros	Menos de 31.634,30		100% (0,00 €)
6 membros	31.634,30-41.124,59		50% - (1,50 €)

Todas as familias que non teñen dereito ao servizo de transporte deberán presentar copia das súas declaracións ou certificacións da Axencia Tributaria antes do 12 de setembro de 2009 na Secretaría ou dirección do Centro. Os que sobrepasan a cantidade da renda anual amosadas (resultado das casillas 450+452-454+457+460-741=) deberán pagar o 100% (3,00 €)

Condición de familias numerosas de carácter especial		Título oficial de recoñecemento de familia numerosa.	100% (0,00 €)
En situación socioeconómica desfavorable		Informe do/a traballador/a social do concello.	100% (0,00 €)

A relación dos comensais totais do comedor escolar coa súa condición, gratuidade e abono será exposta no taboleiro de anuncios do Centro o día 15 de Setembro de 2009. O pagamento ou abono efectuarase mensualmente na conta do comedor escolar do CEIP de Arzúa. Igualmente para maior información ,reseñamos a lexislación específica para a súa consulta na Secretaría e/ou Dirección do Centro, e tamén dispoñible na propia páxina web.